




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Naron (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras



PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DE IES AS TELLEIRAS

CURSO 2021-2022



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Naron (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN.....	1
2.-MARCO LEGAL.....	1
3.-PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	1
4.- DESEÑO DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	2
4.1.- PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA.....	2
4.1.1.- EMPREGO DA LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES DO CENTRO.....	2
4.1.2.- VALORACIÓN POSITIVA DO USO DO GALEGO POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	4
4.1.3.- MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	4
4.2.- PLAN ESPECÍFICO PARA O USO DO IDIOMA. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	6
4.2.1.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA.....	6
4.2.2.-INFORME E ANÁLISE DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	7
4.2.2.1.-Campaña de invitación a participar como membro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega nas actividades de fomento da nosa lingua.....	7
4.2.2.2.- Celebración das festas tradicionais e culturais do ciclo anual.....	8
4.2.2.3.-Efemérides da nosa cultura sociolingüística.....	9
4.2.2.4.- Colaboración entre os distintos departamentos do centro.....	11
4.2.2.5.-Colaboración con outros centros, entidades,.....	12
4.2.2.6.-Xornadas lúdico-pedagóxicas.....	13
4.2.2.7.-Campaña de fomento da lectura en galego.....	14
4.2.2.8.-Noticario.....	15
4.2.2.9.-Cultura próxima: Lusofonía.....	15
4.2.2.10.-Aproveitamento das novas tecnoloxías.....	16
4.2.3.-DISTRIBUCIÓN TEMPORAL.....	16
4.2.4.- RECURSOS UTILIZADOS E PROFESORADO IMPLICADO.....	17
4.2.5.- DESTINATARIOS DAS ACTIVIDADES.....	17



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

1.-INTRODUCCIÓN

Na nosa comunidade, como se recolle no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, o galego é a lingua propia. Esta lingua convive co castelán e os dous idiomas son oficiais e todos teñen o dereito de os coñecer e os usar. Así pois, conviven dúas linguas que sería de esperar que o fixesen de forma normalizada en todo o proceso comunicativo da sociedade, con recoñecemento tanto social como oficial.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, referido ao plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, recóllese que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

Atendendo, logo, á nosa comunidade, cómpre potenciar a lingua propia, porque somos conscientes da necesidade de normalizar a nosa lingua, do pilar fundamental que a escola desempeña nesta tarefa normalizadora e da importancia lingüística e cultural que isto supón para un pobo disposto a manter a súa identidade.

No ámbito do noso centro, o IES As Telleiras, vimos dende hai tempo traballando na dinamización da nosa lingua co fin de acadar esa normalización que nos dá un valor engadido como pobo galego. Para o vindeiro curso académico, 2021-2022, pretendemos continuar con esa tarefa e para iso, seguindo as pautas da legalidade, programamos unha serie de actuacións que esperamos contribúan a dar un paso cara adiante nesta andaina, achegármonos o máximo posible á normalización lingüística do centro e favorecer que a competencia lingüística do alumnado, ao final da súa escolarización, sexa equivalente nas dúas linguas oficiais.

2.-MARCO LEGAL

Na elaboración da presente programación para o curso actual seguimos a normativa vixente e tomamos como principais referentes legais a **Lei do 3/983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística e o **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

3.-PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A planificación sociolingüística dun centro educativo baséase na consecución duns obxectivos realistas a curto, medio e longo prazo que leve os estudantes a acadar os obxectivos lingüísticos recollidos na lexislación, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial.

A fin de comprobar os logros acadados ao final do proxecto, é necesario partir da realidade sociolingüística do centro, establecer os obxectivos que se pretenden conseguir e o conxunto de medidas que se deben poñer en práctica, de xeito gradual e constante, ó longo do tempo.

Esta planificación debe garantir:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual, siga mantendo a súa lingua e consolide unha competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual, adquira suficiente competencia en galego.

4.- DESEÑO DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

4.1.- PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA

É competencia do Equipo de Dinamización da lingua galega propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no Proxecto Curricular, o Plan Xeral para o uso do idioma. Este Plan consta, como se recolle na lexislación, de tres grandes apartados, referentes ao emprego do idioma, á súa valoración positiva e á mellora da competencia lingüística. Para os obxectivos propostos en cada apartado acordáronse as medidas para a súa consecución, os recursos a empregar, tanto persoais como materiais, a distribución temporal e a posterior avaliación a través de procedementos e avaliadores.

4.1.1.- EMPREGO DA LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES DO CENTRO

No relativo ao uso do idioma galego nas actividades do centro propóñense os seguintes obxectivos:

- **EMPREGAR A LINGUA GALEGA COMO VEHÍCULO DE EXPRESIÓN NAS RELACIÓNS DE CARÁCTER OFICIAL, TANTO INTERNAS AO CENTRO COMO EXTERNAS A EL**

As **medidas** para a consecución deste obxectivo son:

- Desenvolvemento das tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes en lingua galega.
- A comunicación do centro coas distintas administracións farase sempre en lingua galega.
- A coordinación do labor docente entre todos os membros da comunidade educativa terá como código comunicativo o galego.

Os **recursos** a empregar, tanto materiais como persoais, serán os seguintes:

Materiais:

- Documentos oficiais.
- Libros de rexistro.
- Libros de actas.
- Programacións didácticas.
- Circulares.

Persoais:

- Órganos de goberno colexiados.
- Órganos de goberno non colexiados.
- Órganos de coordinación docente.
- Claustro.
- Consello escolar.

A **distribución temporal** destas medidas será permanente e a **Avaliación** das mesmas, que corresponderá ao Equipo directivo e ao Equipo de Dinamización Lingüística, consistirá na observación dos distintos documentos e valoración final, que se plasmará na memoria anual.

•AUMENTAR PROGRESIVAMENTE O USO DO IDIOMA GALEGO NAS RELACIÓNS DE CARÁCTER NON OFICIAL, TANTO INTERNAS COMO EXTERNAS AO CENTRO

Neste caso, as **medidas** para a consecución dos obxectivos previstos serán:

- Realizar todos os actos aos que ten acceso toda a comunidade educativa (contacontos, festivais, obras de teatro, conmemoracións,...) en lingua galega.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Naron (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

-Toda a información trasladada ao profesorado e ás familias, oral ou escrita, farase empregando o idioma galego: notas informativas, convocatorias de reunións,...

Os **recursos** empregados con este fin, tanto materiais como persoais, serán: taboleiros informativos, comunicacións, correos electrónicos,... e participarán tanto os estudantes como o profesorado e as familias.

Correspóndenos a nós mesmos, o profesorado e o equipo directivo, a **autoavaliación** destas medidas.

4.1.2.- VALORACIÓN POSITIVA DO USO DO GALEGO POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Incidir na comunidade escolar, por medio da información e a explicación argumentada e científica, para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Fomentar a adquisición da lectura e a escrita en galego, coa perspectiva de que se converta no idioma base da aprendizaxe escolar.
- Estimular nas novas xeracións actitudes favorables cara a un uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizantes e inercias negativas.
- Deseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa.

4.1.3.- MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A pretensión do noso proxecto é garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver o seu labor docente en galego. Para conseguir iso as medidas que levaremos a cabo consistirán en:

-Achegar ao profesorado un resumo das novidades máis salientables con respecto aos posibles cambios na normativa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

-Poñer ao alcance de todos e todas *As normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.

-Facer unha tradución correcta do material educativo, cando for necesario.

-Contar con material actualizado na medida en que a economía do equipo así o permita.

-Instalar o software dos ordenadores do centro en galego, o corrector ortográfico e o tradutor enviado por Política Lingüística.

Así mesmo, trataremos de contar con materiais, isto é, dicionarios semánticos, de sinónimos, bilingües,... totalmente actualizados que estean a disposición de todo o profesorado.

4.2.- PLAN ESPECÍFICO PARA O USO DO IDIOMA. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

4.2.1.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O alumnado que compón a comunidade educativa do IES AS Telleiras é totalmente heteroxéneo. A súa situación xeográfica engloba áreas e núcleos urbanos e rurais e isto condiciona enormemente o uso real da nosa lingua.

O noso obxectivo é así diferente en cada caso. Debemos ampliar o ámbito de uso a aqueles alumnos e alumnas do medio rural, pois é sabido que usan a nosa lingua no núcleo familiar e co profesorado, pero non ocorre o mesmo na súa relación cos seus compañeiros e compañeiras.

Con este tipo de alumnos imponse sobre todo o labor de normativización no ámbito da escrita e fomentar a autoestima inculcando a idea do valor da súa lingua a todos os niveis e en todos os contextos.

Por outro lado, os estudantes pertencentes ao ámbito urbano usan única e exclusivamente o castelán. O traballo con eles é maior. Curiosamente son alumnos que si teñen unha valoración positiva cara á súa lingua, non teñen prexuízos e contan cun dominio escrito da mesma bastante bo. Simplemente é unha cuestión de hábitos de uso dende o seu ambiente familiar que é exclusivamente en castelán.

Son fundamentais as medidas que se van levar a cabo para a consecución dunha competencia lingüística acorde co modelo que deseñamos, as estratexias didácticas e, por suposto, as medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio da lingua poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

4.2.2.-INFORME E ANÁLISE DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

As actividades que propoñemos dividirémolas en grupos, dependendo do tipo de actividade, do profesorado e estudantes implicados e dos obxectivos que pretendemos.

4.2.2.1.-Campaña de invitación a participar como membro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega nas actividades de fomento da nosa lingua

OBXECTIVOS:

- Facer que o alumnado sexa un atento observador e colaborador no emprego da nosa lingua
- Coñecer e valorar a historia da nosa lingua.
- Espertar interese pola riqueza do noso patrimonio lingüístico.
- Considerar que a nosa lingua galega é un ben común que cómpre coñecer, conservar, defender e empregar.
- Procurar que os carteis visuais do centro sirvan de exemplo lingüístico
- Poñer en práctica a creatividade.
- Valorar os traballos creativos propios e alleos.
- Promover iniciativas a favor da lingua.
- Desenvolver a sensibilidade para gozar coas distintas expresións do patrimonio cultural e natural.

DESCRINCIÓN DAS ACTIVIDADES:

- Campaña de **renovación dos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega**. Farémelo segundo as pautas marcadas: dous profesores e un coordinador, propostos pola CCP, tres membros do alumnado e un membro do persoal non docente.
- En garda, sentinela!** Corrección lingüística da documentación escrita en todo o ámbito académico, por parte da coordinadora do EDLG e os seus colaboradores; así como en carteis, indicacións, notas... visuais do centro, por parte do grupo de estudantes que integren o EDLG, sempre supervisado polo profesorado competente.
- Actualización do taboleiro e do blog do EDLG** con novas referentes á nosa lingua.

- Elaboración de **viñetas** baseadas nas diferentes etapas polas que atravesou a historia da nosa lingua co fin de facer unha exposición.

4.2.2.2.- Celebración das festas tradicionais e culturais do ciclo anual

OBXECTIVOS:

- Achegar os estudantes ás raíces culturais do seu contorno.
- Favorecer a investigación dos estudantes nos distintos eidos da nosa cultura, despertando a súa curiosidade por coñecer máis sobre o seu propio pobo.
- Procurar o coñecemento e valoración da expresión cultural das comunidades nas que naceron ou se desenvolven.
- Traballar a adquisición de vocabulario e familiarización coas expresións e manifestacións relacionadas con cada unha das celebracións.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

Celebración do magosto:

- Explicación desta festa típica galega.
- Recreación da celebración desta festa para todo o ámbito educativo.

Celebración do Nadal:

- Concurso de tarxetas de Nadal ou decoracións acordes coa época, no que a orixinalidade será un valor destacado.

Festa do Entroido:

- Concurso de máscaras de Entroido, no que se valorará a recuperación e difusión de elementos, materiais e motivos tradicionais do Entroido galego.
- Creación dun xogo de mesa alusivo a esta festa con parte plástica no seu deseño e parte formativa a través de preguntas alusivas.

Celebración da Candeloria:

- Elaboración dun mural no que se relacionen a celebración da Candeloria en Galicia, La Chandeleur en Francia e Groundhog Day en Estados Unidos.

4.2.2.3.-Efemérides da nosa cultura sociolingüística

OBXECTIVOS:

- Fomentar os valores identitarios e diferenciais da cultura galega.
- Destacar aquelas efemérides que teñen especial relevancia dentro da nosa realidade sociolingüística.
- Homenaxear feitos e figuras destacados que non deben caer no esquecemento.
- Fomentar valores e modelos de conduta importantes na sociedade.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

Literatura de tradición oral:

- Investigación sobre diversos elementos literarios de tradición oral ao longo da nosa historia literaria.
- Exposición oral dalgún deses elementos.

A ciencia en galego:

- Commemoración de personaxes relevantes no ámbito científico vencellados co contorno galego.
- Visibilización deses personaxes a través dunha exposición.

Día da paz:

- Ler algún conto a favor da paz e descubrir a súa intención.

• **Non fagamos da guerra un xogo.** Prestar atención aos anuncios publicitarios de xoguetes e clasificalos, distinguindo os que promoven actividades de divertimento sen violencia dos que o fan desenvolvendo actividades violentas.

Día do libro:

- Facer recomendacións de lecturas que nos entusiasmaran.
- Lectura en voz alta dalgún fragmento e gravación desa lectura.
- Visita á Biblioteca do centro e comezar a ler algún novo libro.

Día de Rosalía de Castro:

- Homenaxe a esta insigne escritora co recitado dalgún dos seus poemas con acompañamento musical.

Día da poesía:

- **A poesía como xogo.** Elaboración dalgunhas poesías con diferentes técnicas para posteriormente reunilas todas baixo unha exposición común.
- Recitado de distintos poemas por parte de diferentes estudantes.

Semana das Letras Galegas:

- Homenaxe á figura de Florencio Delgado Gurriarán.
- Interesarse por coñecer a persoa e o seu traballo literario.
- Selección dalgunha pasaxe da súa obra e poñela en contexto.
- Visita á exposición que sobre o homenaxeado se prepare no centro.

Día da muller:

- Facer visible algunha exposición con temática feminina.

Día europeo das linguas:

- Prestar atención ás linguas peninsulares.
- Tradución dalgunha poesía galega ás diferentes linguas da península e do mundo.
- Audición de música en diferentes linguas da península a fin de comprobar o seu entendemento.

Día da lingua materna:

- Decidir que ese día só nos expresemos na nosa lingua e facelo extensible gradualmente aos días posteriores, sentindo unha autosatisfacción plena.
- Creación de eslogans, pensados para difundir no centro a través de carteis ou adhesivos, para promocionar a utilización do galego entre a comunidade educativa.
- Fotografar portadas de revistas escritas en galego, clasificalas segundo a súa temática e o público ao que van dirixidas e tirar as conclusións pertinentes.

Día do medio ambiente:

- Visita a algún lugar do contorno no que se poida gozar da ecoloxía.
- Valoración da conservación da natureza e contribución á súa permanencia en estado óptimo.

4.2.2.4.- Colaboración entre os distintos departamentos do centro

OBXECTIVOS:

- Contribuír ó uso da lingua galega no centro e no ámbito de influencia.
- Facer partícipe a toda a comunidade escolar na colaboración lingüística en galego.
- Comprobar que a lingua galega é totalmente válida para traballar calquera materia académica.
- Descubrir algo que non se poida facer en galego.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

Macroconcurso

Esta actividade consiste nun concurso no que poderán participar todos os estudantes matriculados neste ano académico no centro, ben de forma individual ou en grupo, que consiste en resolver, durante cinco edicións, unha serie de preguntas e problemas relacionados coas materias impartidas polos distintos departamentos do centro.

Obra plurilingüe ilustrada

Este proxecto preténdese desenvolver nas seguintes fases:

1. Concurso de Relato Breve ou de poesía: Creación dun relato seguindo unhas pautas dadas, por exemplo: determinada extensión, temática relacionada coa lingua galega...Esta fase conta coa colaboración do Departamento de Lingua Castelá e Lingua Galega.
2. Concurso de Ilustración do Relato ou poema gañador do certame anterior. Neste caso o Departamento colaborador será o de Plástica.
3. Tradución do relato a diferentes linguas. Contamos coa colaboración do Departamento de Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Francés.
4. Maquetación e impresión do traballo resultante utilizando as ferramentas TIC. Este apartado corresponde aos departamentos de Tecnoloxía e Informática.

4.2.2.5.-Colaboración con outros centros, entidades,...

OBXECTIVOS:

- Interese por expresar as propias ideas, sentimentos e fantasías mediante diferentes formas literarias.
- Valoración da lingua galega como manifestación cultural colectiva presente nos diferentes ámbitos culturais.
- Recoñecer a valía do galego para dar a coñecer a literatura universal.
- Conxugar o emprego da lingua coa creatividade artística.

- Familiarizar os alumnos con distintos ámbitos da cultura da nosa lingua, asistindo á proxección no cine de diferentes películas en galego e a representacións teatrais.
- Compartir experiencias con alumnado de diferentes centros.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

- Certame literario 'Carmela Loureiro'** organizado polo Concello de Ferrol.
- Certame Intercentros do concello de Narón**, que naceu coa finalidade de conmemorar o Día das Letras Galegas, exaltando a nosa lingua, fomentando a súa normalización e amosando a nosa cultura e realidade.
- Certame de Poesía e Imaxe**: “En galego sen filtro”. En fases sucesivas de selección, o certame consiste na procura de textos poéticos da literatura universal, a súa tradución ao galego e, finalmente, a creación de imaxes alusivas a eses textos. Os traballos seleccionados publícanse nun formato que permite levar a cabo a súa exposición de forma rotativa polos centros participantes.
- Ciclo de cinema “En galego, de película”**. Esta actividade consiste en facilitar aos estudantes a asistencia ao cine para poder gozar dalgunha película galega a fin de que poidan valorar este aspecto cultural na nosa lingua.
- “Teatro con G”**. Supón a asistencia a representacións teatrais creadas ou adaptadas por estudantes dalgún dos centros participantes.

4.2.2.6.-Xornadas lúdico-pedagóxicas

OBXECTIVOS:

- Poñer de manifesto entre os estudantes a importancia da oralidade e fomentala.
- Comprobar que a palabra diverte, celebra, recorda, emociona,...
- Expresarse oralmente con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás necesidades comunicativas.
- Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- Impulsar a creatividade musical.
- Vincular a lingua coa mocidade.
- Fomentar o gusto polo teatro.
- Entender o teatro como unha manifestación cultural importante.
- Dar a coñecer a tradición oral das nosas letras

-Favorecer a escoita en lingua galega de obras galegas ou doutras culturas.

-Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.

-Difundir os traballos de creatividade realizados polos estudantes.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

•**Actividades de expresión oral.** Entre estas posibles actividades contamos cun abano amplo, entre elas: recitado de poemas; exposición dunha lenda, conto popular ou relato; creación dun monólogo, diálogo, regueifa, debate ou entrevista; representación teatral; interpretación dunha canción;...

Calquera destas actividades servirán como acto de preparación para o “Certame Intercentros”. Nelas terase en conta que a exposición debe ser feita de memoria e valorarase a dicción e posta en escena.

•**Teatro.** Representación dalgunha peza teatral e asistencia a representacións teatrais de interese sociolingüístico ou literario.

•**Cinema.** Difundir o cinema galego a fin de dalo a coñecer e afeccionar os estudantes a esta arte na nosa lingua.

•**Xogos populares.** Gozar dalgunha xornada na que se recreen algúns dos xogos populares da nosa cultura.

4.2.2.7.-Campaña de fomento da lectura en galego

OBXECTIVOS:

-Conseguir que os estudantes lean con fluidez, comprensión e actitude crítica.

-Poñer en valor a lectura como fonte de pracer, ampliación de experiencias, coñecemento do patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.

-Cubrir as necesidades de material tanto para uso dos estudantes como do profesorado.

DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES:

- **Gravación** da lectura de anacos de textos pertencentes a diferentes xéneros literarios.
- **Dereito a ler e a non ler.** Facer recomendación de lecturas de forma argumentada.

4.2.2.8.-Noticario

OBXECTIVOS:

- Lograr que o interese e a curiosidade por saber e estar informado vaian en aumento.
- Espertar curiosidade por calquera nova información do ámbito lingüístico-cultural galego.
- Reflexionar sobre a realidade do contorno, as noticias de actualidade e as novidades do centro.

DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES:

- Recollida de **novas do ámbito lingüístico-cultural galego**, de índole salientable, en calquera medio de comunicación.
- **Selección** das novas recollidas e **publicación** a través do blog e do taboleiro do EDLG do centro.

4.2.2.9.-Cultura próxima: Lusofonía

OBXECTIVOS:

- Aproximar o mundo lusófono aos estudantes.
- Demostrar que a interactuación co mundo lusófono é unha riqueza cultural e lingüística.
- Fortalecer os vínculos entre persoas, culturas e linguas próximas.
- Coñecer outros lugares cos que temos algún elo histórico, cultural ou lingüístico.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

- **Audición** de música portuguesa.
- Achegamento a algún **autor de creación lusa e á súa obra**.
- **Lectura dun texto en portugués** para posteriormente escribilo en galego.

4.2.2.10.-Aproveitamento das novas tecnoloxías

Aínda que no centro teremos a disposición de toda a comunidade o taboleiro do EDLG, no que iremos facendo público todo o proxecto de traballo e actualizando as actividades concretas, as novas tecnoloxías serán fundamentais no desenvolvemento de dinamización da nosa lingua, de maneira que se fará uso delas non só para dar a coñecer o proxecto e as diferentes actividades, procurando a máxima difusión de cada unha delas, senón tamén para o propio desenvolvemento das mesmas entre os diferentes participantes. Así, faremos uso de:

- **páxina web do centro**, fundamentalmente con carácter informativo
- **blog do EDLG**, no que se expoñerán as actividades que se vaian realizando colaborativamente
- enderezo de **correo electrónico**, que servirá para a recollida do material creativo dos estudantes participantes no equipo.

4.2.3.-DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

Tocante á distribución temporal das actividades apuntadas, a maioría iranse desenvolvendo ao longo de todo o curso académico, sucede así coas englobadas nos apartados seguintes:

- **Colaboración entre os distintos departamentos do centro.**
- **Xornadas lúdico-pedagógicas**
- **Campaña de fomento da lectura en galego.**
- **Noticario.**
- **Cultura próxima: Lusofonía**
- **Aproveitamento das novas tecnoloxías.**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Polo que respecta ás restantes, todas elas están condicionadas ben pola súa intención, como ocorre coa **Campaña de invitación a participar como membro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega nas actividades de fomento da nosa lingua**, que necesariamente terá que realizarse ao inicio do curso, sen que iso queira dicir que se peche a incorporación de novos membros en calquera momento do curso; ben pola súa temática, como sucede coa **Celebración das festas tradicionais e culturais do ciclo anual**, que se limitará ás épocas concretas de cada celebración; **Efemérides da nosa cultura sociolingüística**, que tamén se centrarán nos momentos axeitados para a súa conmemoración e as actividades de **Colaboración con outros centros, entidades,...** que verán condicionada a súa realización ao momento do curso no que se convoquen ou organicen.

4.2.4.- RECURSOS UTILIZADOS E PROFESORADO IMPLICADO

Para o desenvolvemento deste proxecto de dinamización da lingua galega no noso centro contamos con recursos humanos, constituídos por toda a comunidade educativa, e con recursos materiais, nos que están englobados tanto as instalacións do centro: pavillóns, salón de actos, biblioteca, aulas de informática, aulas de audiovisuais, tecnoloxía, como todos os medios audiovisuais e informáticos dos que dispón o centro.

4.2.5.- DESTINATARIOS DAS ACTIVIDADES

Os destinatarios das actividades propostas, dado o seu carácter aberto e dinámico, serán todos os estudantes do centro, que xunto co profesorado e o persoal non docente, farán que a nosa lingua sexa a que nos identifique a todos.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

En Narón, a 27 de setembro de 2021

Visto e praxe,

Directora do IES As Telleiras

Coordinadora do EDLG

Asdo.: Cristina Alves Ferreira

Asdo.: María Carmen Suárez Rey